


Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº68/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de xuño / Estado de celebración 25 Aniversario

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



As Furnas de Ons, a carón de aspectos biolóxicos e xeolóxicos, tamén teñen historias humanas. **Páx. 1**



Salgadoiro de Suxestións
25 Aniversario de Pineiróns.
Agradecemento polas moitas actividades que realizaron con respecto á Illa de Ons. Aquí os temos reivindicando a Festa dos Maíos. **Páx. 2**



Ons Arqueolóxica e Arqueoloxía Submarina

Parabéns pola consolidación do escavado no Castro dos Mouros para a súa visita. E reivindicamos traballos de arqueoloxía submarina para que o Faro de Ons, nun futuro próximo, sexa un Museo dos Faros e Naufraxios. **Páx. 3**



REIVINDICACIÓN VECIÑAL

Queixas dos veciños de Canexol e Pereiró polo polvo que levantan os vehículos polo mal estado do camiño. **Páx. 4**



PRIMEIROS AUXILIOS PERMANENTE EN ONS

Aínda que o persoal de Parques fixo un curso de primeiros auxilios, importante que durante o verán haxa un médico ou Ats Permanente en Ons. **Páx. 5**

Pozo de barrena de Melide. **Páx. 6**



ONS NA MEMORIA

Mulleres aunienses recollendo herbas do San Xoán. **Páx. 4**



AS COVAS E FURNAS DE ONS


AS COVAS E FURNAS, UN ATRACTIVO NATURAL

Aínda non visitara a Illa e xa nos contaran un bo número de historias sobre as covas e furnas de Ons.

A Illa ten unha posición estratéxica para acceder á costa das rías de Arousa e Pontevedra, atópase a carón do Camiño Marítimo cara a Santiago e fronte á Lanzada. Por estas rías intentáronse e fixéronse realidade cantidade de incursións marítimas de todo tipo, entre as que podemos destacar, aquelas que se dedicaban á conquista e pillaxe.

Ons era un lugar idóneo para recalar, facer augada,..., e prepararse para a acometida, pero tamén para descanso e gardar o froito das rapinas realizadas en espera de mellores tempos para regresar ás súas terras.

As furnas mariñas convertéronse en foco de lenda, agochando numerosos tesouros, que ata eran gardados por Touros de Cornos de Ouro. Furnas como a de Fedorentos, Fontenova, da Londra,..., e ata o mismísimo Buraco do Inferno, agochan eses tesouros convertidos en historias, fantasías, mitos e lendas.



AS NOSAS PRIMEIRAS AVENTURAS

Cando cheguei á Illa, alá polo 1975, a visita ás furnas eran as viaxes de tarde máis interesante que facíamos. Daquela era doado andar pola illa, xa que en máis dun 60% estaba cultivada e aínda se aproveitaba o monte, polo que baixar polos cantís, e máxime con 17 anos, era doado e toda unha aventura. A nosa teima era explorar, e podo asegurar que non quedou ningunha sen visitar, entre outras cousas tamén, pola nosa afección á pesca submarina que nos daba unha maior facilidade de acceso, sobre todo cando o noso amigo Cholo trouxo a Zodiac.

Aínda que xa contabamos con algunha información, moitas historias,..., e unha boa cantidade de fotos, calculo que polo 2005, Lino J. Pazos e máis eu decidimos realizar un traballo sobre as Furnas de Ons, cunha exploración máis exhaustiva, con toma de datos e máis fotografía. Comezamos pola zona máis sinxela que era a parte leste de Ons e fixemos un percorrido moi intenso, aínda que xa aos 17 anos habería que sumarlle 30 máis, de todas as furnas da costa leste dende o Centulo polo norte ata o Conliño polo sur.

Quedaban dúas zonas, que poderíamos dicir que eran sinxelas de explorar, a cara sur mirando a Onza e a norte ollando a costa da Barrosa, pero xa non tiñamos tempo aquel verán, polo que decidimos deixalo para o seguinte e mirar as posibilidades de acometer a parte oeste, que practicamente habería que facelo por mar; xa non estaba o monte e os cantís para aventurarse a baixar por eles.

Durante o inverno, fixemos trámites con Parques para ver, se por medio da nosa asociación PineirÓns, poñían á nosa disposición, pagando nós os gastos, a lancha pneumática que tiñan na illa para podernos achegar ás furnas da costa oeste. Como podedes supoñer, a resposta foi NON, aínda que, daquela maneira, non poñían pegas a que pola nosa conta e risco, visitáramos as furnas.

Está claro que non eramos expertos, nin a nosa afección era a espeleoloxía, quizais ese foi o motivo de non prestarnos infraestrutura, polo que, un pouco contrariados, entendémolo. O malo foi que tamén por outras cousas, ao ano seguinte non continuamos co noso particular estudo e, paseniñamente e coa idade, fomos abandonando a idea, máxime cando anos despois, o Club de Espeleoloxía Aradelas, si consegue permiso e infraestrutura de Parques e realiza un magnífico traballo especializado e técnico sobre as Furnas Mariñas do Parque Nacional.

AS FURNAS HOXE. ESTUDOS BIOLÓXICOS, XEOLÓXICOS... E HUMANOS?

Aínda que se fixeron pequenos estudos dalgunhas furnas de Ons dende 1950, vai ser no 2008 cando o Club de Espeleoloxía Aradelas, desenvolve un excelente traballo sobre as furnas do arquipélago auniense. https://illasatlanticas.gal/sites/default/files/resource/documents/2021-11/Furnas_del_Parque_Nacional_Islas_Atlanticas_Galicia_0.pdf

Tamén sabemos que nestes intres grupos especializados de arqueólogos das universidades de Vigo e Ourense xunto con espeleólogos do grupo Cetra, están a facer traballos técnicos co proxecto Sentinela.

Pero tamén habería que realizar un traballo etnográfico e histórico dalgunhas destas furnas, que alá polos anos 50 s. XX, serviron de refuxio a moitos escapados da Guerra Civil Española que atoparon en Ons acubillo, traballando só por un lugar onde durmir e comida. O importante era estar a salvo. Aínda que, cando se achegaban a Ons barcos descoñecidos, falanxistas, Sección Feminina,..., e visitas oficiais de altos cargos, as furnas eran o seu lugar de agocho. O medo traía que sobre esta temática pouco ou nada che contaran os aunienses, eu tiven sorte un día falando con José Reiriz e o seu fillo Manolo, que se abriran a darme algún dato. **Páx. 1**



Santiago de Compostela, 22 de mayo de 2023

Sr. D. Celestino Pardellas de Blas
Asociación Cultural "PineirÓns"
O Grove

Estimado Señor:

Acuso recibo e agradezo moito o novo número de *Aunios*, que tivo a xentileza de remitítilos.

Felicito a Institución que preside, por estes 25 anos cheos de traballo e bo facer, que son mostra de esforzo e dedicación á conservación do patrimonio material e inmaterial da Illa de Ons. Fago extensiva as miñas felicitacións a vostede e ás persoas comprometidas neste xa, exitoso proxecto.

Coma sempre este novo número será posto a disposición do nosos usuarios.

Aproveito para expresarlle miña consideración mais distinguida.

Con cordiais saúdos
S. Domato



PineirÓns 25 ANIVERSARIO

Agradecimiento

Recibimos, por mor do noso 25 aniversario, un bo número de e-mails felicitándonos pola nosa traxectoria. Aquí, neste Salgadoiro de Suxestións, quero deixar a carta do Arcebispo, lugar no que moito habería que investigar no seu arquivo sobre a Historia de Ons, e esta pequena carta dun dos nosos lectores.

Estimado amigo Celestino e demais compoñentes da agrupación Pineiróns. Noraboa polo voso loable traballo ao longo destes 25 anos, tanto teu a modo persoal como do colectivo que presides, a prol da cultura e veciñanza desa marabillosa illa que, defendendo a ría de Pontevedra os políticos que a dirixiron e os de Bueu, tiveron sempre de lado e totalmente abandonada.

Fostes vós os que, co voso empeño, puxésteos ao rego e, aínda que de vagar, as grandes reivindicacións van saíndo adiante.

Recordo, Celestino, os moitos artigos de prensa onde nos informabas das concretas características desta illa, co teu empeño en que se fíxeran estudos históricos e arqueolóxicos e que agora, case trinta anos despois, danse conta da súa importancia grazas ao tesón dun arqueólogo da Universidade de Vigo. Da túa cisma polo estudo etnográfico, que non tiveron a ben levalo a cabo e que quedou arquivado na memoria dos veciños que nos deixaron para sempre.

Non digamos as vosas reivindicacións sociais ao lado dos veciños e que deron pé a sinxelos arranxos pero que eran moito para a veciñanza, como o novo tendido eléctrico do ano 1992, os pozos de auga, o aumento do embarcadoiro, a primeira depuradora,..., e o arranxo das vivendas que con abínco prohibía a administración. E un longo etc.

Felicitacións por esa magnífica revista AUNIOS coa que destes a coñecer todas as pegadas de identidade de Ons que, como dicides case ata o fastío, queredes dar a coñecer para que expertos as investiguen dun xeito docto, específico e técnico; finalidade que en moitos campos conseguistes, aínda que non volo van a recoñecer, cousa que, por outra banda, sei que non é o voso propósito.

Non me estendo máis, senón faría moi longa a carta, de novo noraboa e a seguir traballando, ONS VOS NECESITA.

Moitas grazas amigo lector de parte de todos os que facemos posible esta sinxela angueira cultural e, dende logo mentres poidamos, seguiremos na pugna para que a Cultura Popular da Illa de Ons estea no lugar que se merece. Que os aunienses, sen enlevar a súas raíces, teñan uns servizos básicos para levar unha vida digna na illa. E que a investigación, en todos os seus campos, sexa preferente para a administración.



ACTIVIDADES PineirÓns


- *Arriba, descubrimento do petróglifo de Chan*
- *Xogos Populares. Campionato Mundial de Chave 2006.*

ONS ARQUEOLÓXICA

Quero expresar os meus *Parabéns* ao equipo de arqueólogos que dirixidos por Adolfo Fernández están a levar un magnífico traballo na Illa de Ons, tanto no Castro dos Mouros como na salga de Canexol e, coido que tamén aínda que non sabemos moito dos resultados, na zona de Cova da Loba.

Xa dimos conta neste minixornal das escavacións levadas entre os anos de 2020 – 2023. Nestes intres estiveron levando un traballo de consolidación das edificacións aparecidas para que poida ser visitado con seguridade este verán.

Tamén temos novas de que Tragsa xunto cos arqueólogos e supoño persoal de Parques, estiveron no Centro de Visitantes de Ons preparando un proxecto e maqueta dunha futura sala de arqueoloxía, que poida que nun principio comparta espazo coa de etnografía, aínda que penso que cada especialidade debería ter a súa sala. <https://bit.ly/3OJiftE>



ONS, ARQUEOLOXÍA SUBMARINA

O *Club de Buceo Ons*, levou a cabo unha charla de sensibilización sobre a contaminación do medio mariño, onde representantes do club xunto cun biólogo explicaron a iniciativa medioambiental de nome *PlasticNONS*, que levan a cabo coas axudas á Área de Influencia Socioeconómica do Parque Nacional.

A actividade é loable e moi interesante, pero eu animaría aos membros do *Club de Buceo Ons* a realizar algún tipo de Proxecto que teña que ver co importante legado arqueolóxico submarino que ten o arquipélago de Ons e a súa contorna, da que xa deron conta en numerosas ocasións, sendo unha delas na revista Aunios por medio dun dos seus membros, Yago Abilleira.

En pouco tempo, o *Faro de Ons* quedará sen os fareiros e esa magnífica edificación quedará, ao igual que o de Sálvora, baleira e á espera de buscalle unha saída.

Por desgracia, aínda que quizais nalgúns sitios será a alternativa menos mala, a Autoridade Portuaria soe alugala para dedicarse, de xeito privado, a temas de restauración ou hoteis.

Penso que Ons xa ten suficientes e dan saída á demanda actual, segundo o Prux. Por iso ao Faro de Ons habería que buscarlle unha saída de Museo Mariño, dedicado aos Faros, aos seus moradores os Fareiros e a temática mariñeira, que aquí podería ser a que ten que ver cos naufraxios acaecidos nas proximidades do arquipélago aunienso.

Dende aquí animo ao *Club de Buceo Ons* a que, nas próximas subvencións de Parques, preparen un Proxecto con vistas a que o Faro de Ons sexa, nun futuro, un **Museo dos Faros e Naufraxios**.



REIVINDICACIÓN VECIÑAL

En Ons hai dous camiños que teñen máis uso que os demais: o que vai de Curro ao Faro e o de Curro a Pereiró.

Estes camiños, ao igual que outros da Illa, sufriron nos últimos 40 anos unha serie de cambios, sobre todo ampliacións, pero agás o de Curro-Faro, os demais están en continuo deterioro por mor das inclemencias do tempo no inverno e da mala xestión da administración que non foi quen de darlle unha solución definitiva ao seu firme, tendo en conta que dende mediados dos anos 80 s.XX os tractores (cada vez máis grandes) e os coches todo terreo, causan danos no chan por onde pasan.

A carón do explicado, hai que engadir que o camiño Curro-Pereiró, sufriu unhas alteracións debido ás obras para soterrar o tendido eléctrico e, aínda que intentaron deixalo como estaba, co constante paso de vehículos e quizais tamén pola velocidade ao que o fan, provoca unha poeira enorme, cousa pola que os veciños se queixan, pois non poden colgar a roupa lavada, teñen que estar constantemente baldeando as ventás, non poden estar nas súas terrazas,..., e ata supón un perigo para os numerosos turistas que o utilizan nas súas visitas cara ao sur da illa onde se atopa o Miradoiro de Fedorentos e o emblemático Buraco do Inferno, que son visita obrigada, e o que é peor, o Campamento da Xunta utilizado por nenos de corta idade.

Como vimos pedindo dende hai anos nos nosos Informes enviados á Consellería, é necesario que as rodeiras, construídas nos anos 80, cheguen ata Pereiró, xa que rematan no barrio de Canexol, e que tanto as antigas como as novas a facer se amplíen adaptándoas ás rodas dos novos tractores polo seu ancho.

Dende Pineiróns apoiamos aos veciños de Pereiró e Canexol na súa reivindicación para que ese camiño se arranxe o antes posible para evitar algún tipo de disgusto e o gasto continuo de auga ao ter que baldear a miúdo e lavar a roupa de novo ao encherse de polvo



Foto arriba: Camiño de Curro-Pereiró, na zona de Pereiró, as casas a carón da pista.

Foto abaixo: Despois do paso do coche do Campamento, que vai deixando unha nube de po. As ventás teñen que permanecer pechadas.



ONS NA MEMORIA

Estabamos a mediados dos 80 s.XX, aínda vivían todo o ano varias familias na Illa e no verán, viñan outra boa cantidade pois estábamos no intre do retorno dos aunienses que emigraran nos 60. Era a tarde da festividade do San Xoán, todas as familias aunienses andaban na procura das herbas para facer a Auga co que lavarse a cara e o corpo á mañá seguinte.

Na foto: No Caño, a Sra. Juanita Otero, Lucía Sampedro, Encarnación Patiño co seu fillo Juan e Digna Touriño.

Á mañá seguinte, despois de lavarse coa auga, o ramo coas plantas, poñíase a secar para utilizalo contra malos ollos.


PRIMEIROS AUXILIOS EN ONS

Un compañeiro pasoume esta foto, editada por Parques, saída no Facebook xunto co texto, onde comunicaban que a Xunta viña de renovar a formación básica en primeiros auxilios de todo o cadro de persoal do Parque Nacional, entre o que estaba o manexo de desfibriladores

Unha interesante iniciativa da Consellería que debería realizarse anualmente tamén en colexios, fábricas, organismos con atención ao público,..., porque en calquera momento pode xurdir unha complicación e, sabendo que o tempo corre en contra do accidentado e mentres non chegan os medios médicos especializados, a nosa axuda pode ser crucial a favor da persoa afectada.

Pero, aínda sabendo que contamos con persoal preparado, iso non quita que en Ons haxa, como nestes últimos anos, un Retén de Primeiros Auxilios Permanente, cun/ha especialista (médico-ats) que dun xeito profesional saiba dar saída a calquera grave acontecemento médico que xurda a veciños e visitantes, mentres, despois de contactar co 112 ou 061, esperan para un posible tratamento ou evacuación pois, como dicía antes: un infarto, ictus, atragoamento,..., necesita unha rápida atención, xa que en cuestión de segundos o problema pode pasar a ser grave ou moi grave, e os medios tardan un mínimo de media hora en chegar.

Por iso, **Parabéns** pola preparación do persoal do Parque, pero tamén Retén de Primeiros Auxilios de xeito Permanente en Ons durante a etapa estival de xuño a setembro.



Depósitos en Chan da Pólvora.



Perforando no Cucorno

A ASOCIACIÓN ANDUXÍA

Ao coñecerse que a Consellería ía a realizar varios depósitos na Illa para dar solución aos problemas de auga no verán, a asociación bueesa Anduxía saíu pedindo sistemas de aforro de auga e redución de visitantes no caso dunha seca grave.

Tamén ofrece unha serie de alternativas á administración para levar en Ons con respecto a esta temática.

<https://galego.farodevigo.es/morrazo/2023/06/01/anduxia-ahorro-agua-sequia-reducir-88144605.html>

PROBLEMÁTICA DA AUGA EN ONS

Este tema xa se tocou en varias ocasións e vén de anos atrás. Ata o xurdir dos pozos de barrena nas vivendas aunienses, a visita ás fontes e lavadoiros era unha obriga diaria. Recordo as palabras dun rapaz que ao ver as mulleres da illa cargadas coas bañeiras na cabeza e os caldeiros cadansúa man, cheos de auga, dicía: “As mulleres de Ons son pequenas pola carga de auga que diariamente levan na cabeza e nas mans. É o prezo que teñen que pagar para poder lavarse a cara”.

Daquela, anos 70 ata case os 90 s.XX, só algunhas casas estaban enganchadas ao depósito da Entenza, en Curro. Dende 1982 os diferentes responsables da asociación veciñal, pediron á administración que buscara alternativas ás fontes e solicitaban realizar pozos de barrena.

As diferentes administracións xestoras, negábanse a dar permiso para pozos e tampouco buscaban outras opcións. Nun intre, un técnico da Delegación de Agricultura en Pontevedra, falou da construción de depósitos en varios puntos altos da Illa. Xa estaba construída a nova fonte de Caniveliñas e, o mellor traballador que tivera M. Ambiente en Ons en moito tempo, Gabino Hernández, deu a idea de montar uns grandes depósitos na zona de acampada de Chan aproveitando a cantidade de auga que se perdía diariamente na fonte de Caniveliñas e, a carón de dar servizo aos campistas, tamén podería dar a un importante número de vivendas da zona de Chan da Pólvora, Curro alto, Caño e ata Curro baixo. Pero a idea non xurdiu de ningún técnico, nin tan sequera do garda forestal, por iso non foi atendida. Só despois de moita reivindicación por parte da As. Veciñal e algunha persoa máis en prensa, retomaron esa idea e puxérona en funcionamento.

Mentres, a necesidade apremaba tamén á administración e miraron só nos pozos de barrena a solución, feito que tamén foi aproveitado por algúns veciños. Así Medio Ambiente perforou pozos en Curro, Campamento da Xunta, zonas de acampada de Melide e Chan, na Entenza,..., para o seu servizo, e algúns aunienses para os seus negocios e casas.

Pero, co aumento de visitantes, a volta dos aunienses as súas orixes,..., e unha administración cega que non miraba o problema que se lle viña encima, o tema da auga, aínda hoxe, segue sendo algo a solucionar con urxencia.

FARO de ONS

**Futuro MUSEO dos FAROS,
FAREIROS e NAUFRAXIOS**

